

Dspace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

C. Silva Domínguez (2008): “Notas sobre *anceio*, un probable lusismo no galego de preguerra”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 181-190.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Noncommercial** — You may not use this work for commercial purposes.
- **No Derivative Works** — You may not alter, transform, or build upon this work.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

NOTAS SOBRE *ANCEIO*, UN PROBABLE LUSISMO NO GALEGO DE PREGUERRA

Carme Silva Domínguez

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

1. Introducción

Neste traballo pretendo examinar as condicións de utilización no galego escrito dos anos vinte e trinta de *anceio*, ítem léxico do que se ocupou o profesor Santamarina nun traballo extremadamente esclarecedor, valioso para a súa utilización nas aulas e tamén importante na investigación; trátase de “Norma e estándar” (Santamarina 1995), que como é ben sabido sinala as liñas de forza máis destacadas na configuración do modelo de galego escrito durante os séculos XIX e XX. Forzoso é sinalar, así mesmo, que foron tamén instrumentos básicos para a elaboración da presente achega o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILGA) e o *Dicionario de Dicionarios*, ambos responsabilidade do profesor Santamarina. Alén do interese dos logros que conseguimos na nosa pescuda, cremos que a evidencia da utilidade das devanditas compilacións electrónicas de materiais constitúe xa en si mesma unha homenaxe a un autor, Antón Santamarina, que aínda que non naceu na era dixital si tivo intuición dabondo como para ver a importancia das novas tecnoloxías na súa aplicación á investigación filolóxica. Sirva, pois, esta pequena achega como recoñecemento ao potencial dos instrumentos de investigación que Santamarina promoveu, deseñou e posteriormente confeccionou coa delicadeza do ourive.

Anceio é unha palabra interesante tanto desde o punto de vista da súa forma e etimoloxía como desde a perspectiva do seu significado e do campo semántico en

que se insire. Canto á primeira cuestión, Santamarina (1996: 69) exemplifica a través do ítem o préstamo abusivo do portugués, aínda que, segundo veremos, non está totalmente clara a súa condición de palabra externa ao galego. Canto ao segundo tema, cabe dicir que *anceio* se incorpora ao campo semántico do desexo precisamente nos anos vinte, momento da historia da nosa escrita en que tal esfera da experiencia coñece un máis que notable incremento de palabras parcialmente sinónimas e de orixes diversas. Neste traballo trataremos de achegar algúns datos que nos permitan explicar como avanzou a forma na escrita do galego e que papel xogou na expresión dun universo de ideas de grande importancia, que outros lexemas competiron con ela no seu espazo semántico e que capacidade para ser preferido demostrou *anceio* fronte aos demais nesta etapa inicial da súa andaina.

2. Dúas hipóteses etimolóxicas sobre *anceio*. Os argumentos para a súa consideración como lusismo

Segundo acabo de indicar, Santamarina considera *anceio* un lusismo. Sen descartar plenamente tal hipótese, Monteagudo (2000: 253, nota 37) deixa constancia da documentación na fala de formas próximas á que nos ocupa, recollidas por Aníbal Otero nos anos 40 na Ribeira de Piquín¹. Cabe sinalar tamén que Corominas e Pascual (1980-1991: 275-276, s.v. *ansia*) afirman a orixe común galego-portuguesa do derivado *anseio*, noroesteño en portugués e escrito en galego con <c> segundo eles por influencia de *anzol*, que desenvolveu un significado metafórico de carácter abstracto, “treta, engano”, o suficientemente achegado ao de *anceio* como para lle transmitir a súa forma sonora e determinar a súa grafía.

Concordamos con Monteagudo na necesidade dunha maior investigación no léxico popular do galego conducente á detección de materiais que xustifiquen o carácter endóxico de *anceio*. Habería que abordar, tamén, a etimoloxía dos *anceliar*, *ancelar*, *anzuelar* que Aníbal Otero sinalaba como vivos na fala da súa zona. Ofreceremos de seguido algúns argumentos procedentes de autores diversos e que, se ben non refutan de todo a hipótese endóxena, si fan sospeitar a filiación inmediata do *anceio* literario galego co portugués.

Anceio é ao sur do Miño unha innovación relativamente recente e, grafada deste xeito, antietimolóxica na súa escrita penso que por un proceso de hipercorrección.

1 Porén, en traballos posteriores este autor parece optar por abandonar a hipótese “endóxena”, pois sitúa *anceio* nun listado de lusismos, sen inserir apostila ningunha (Monteagudo, 2003: 223).

Cunha (1989: 52, s.v. *ânsia*) abóaa datándoa no século XIX. Moraes Silva (1877) non inclúe a palabra², e Figueiredo (1939: 206) anota explicitamente a súa condición de innovación léxica. Canto á súa forma gráfica, nos dicionarios modernos, como o de Porto Editora, a palabra aparece unicamente escrita con <s>. A grafía *anceio* é hipercorrecta e decimonónica en portugués; foi este século o momento histórico en que unha especial ebulición reformista que se marcaba como obxectivo básico a simplificación da escrita, xulgada complexa e arbitraria, fai xurdir reaccións contrarias a ela que moi ben poden estender, coma neste caso, grafías antietimolóxicas. Gonçalves (2003) explica como a multiplicidade de letras a representar sibilantes foi obxecto de propostas de modificación de signo foneticista, algunhas delas postulando utilizar sistematicamente <s> para a consoante xorda con independencia da vogal coa que estivese en contacto. Nun contexto de propostas reformistas sen excesiva autoridade nin consenso, non parece difícil que se interpretase a grafía etimolóxica *anseio* como froito dunha de tantas tentativas novidosas, xeneralizándose o anómalo *anceio*, aparentemente máis ortodoxo por canto presentaba o segmento gráfico <c^e> tras nasal (aquele que os reformistas tentaban eliminar) moito máis frecuente en portugués do que <s^e>.

A palabra aparece en galego cando a influencia do portugués escrito comeza a ser importante, e baixo unha fasquía que se xustifica moi doadamente como préstamo gráfico da outra lingua. Con todo, é o tratamento tipicamente sureño do hiato vocálico o que fundamenta a apreciación de Santamarina (1996: 69) a prol da interpretación da forma como lusismo. Os dous argumentos: a cronoloxía inicial da palabra en galego e o exótico do seu vocalismo, complementáanse neste caso para axudar á consideración como máis probable da hipótese externa canto á vinda da palabra ao galego escrito.

3. Os anos da introdución de *anceio*: variación gráfica e competencia con *ansia* nas décadas dos vinte e trinta

Segundo os datos do TILGA, a forma que nos ocupa entra no galego case simultaneamente coas dúas grafías; en efecto, Bouza Brey emprega *anseio* en *Cabalgadas no Salnés* (1925), e Dieste escribe *anceio* en varios artigos de 1926 que logo

2 A máis antiga edición que consultamos desta obra só introduce *ância/ânsia* (Moraes Silva, 1877: 122, s.v. *ância; ânsia* preséntase a título de variante). Tres edicións despois aparecen as dúas palabras, como entradas léxicas diferenciadas e coas grafías etimolóxicas (Morais Silva, 1945: 904-905, s.v. *anseio/ânsia*).

se compilarán en *Antre a terra e o ceo*. Podemos considerar estes dous autores como os introdutores do vocábulo, que ocorre entre 1925 e 1936 en 93 ocasións e vinte e unha obras de creación e diversos números das revistas *A Nosa Terra* e *Logos*. Ben puido ocorrer que Bouza Brey introducise a palabra por causa da súa familiaridade con diversos autores da literatura portuguesa, e esta opinión viría avalada pola escolla gráfica do autor. Na primeira época da historia da palabra en galego, só tres creadores seguen ao pontearéan na utilización da forma etimolóxica *anseio*: Francisco Romero Cerdeiriña, autor de *O karma de Farruco Filgueira* (1926); Iglesia Alvariño en *Señardá* (1930) e *Corazón ao vento* (1933); e Carballo Calero en *Vieiros* (1931). O primeiro foi íntimo amigo de Bouza Brey, e ben puido importar a palabra tal cal dos textos do pontearéan; o segundo recibiu unha forte influencia de autores portugueses como Teixeira de Pascoaes e Antero de Quental na súa creación. Con posterioridade á Guerra Civil, Bouza en *Seitura* (1955) e Iglesia Alvariño en *Nenias* (1961) teimarán no emprego da grafía etimolóxica *anseio*. Con todo, a opción pola variante con <c> en galego é temperá e maioritaria.

Unha pescuda na historia lexicográfica da palabra ofrece, así mesmo, datos de interese. Segundo o *Diccionario de Dictionaries* (2003), *anseio* fai a súa estrea precisamente en 1926, ano en que o xornal *El Pueblo Gallego* publica por entregas o *Vocabulario popular castelán-galego*, da autoría de catro autores daquela moi novos, todos eles membros do Seminario de Estudos Galegos: X.F. Filgueira Valverde, L. Tobío Fernandes, A. Magariños Negreira e Cordal Carús. O feito de seren tamén deste ano os primeiros artigos en que Dieste emprega o vocábulo, e de se publicaren orixinariamente no mesmo medio de comunicación que o *Vocabulario*, podería non ser casual. É probable que Dieste aprendese a palabra non directamente en autores portugueses, senón no mesmo xornal en que daquela traballaba. A mesma razón permite xustificar a inclusión de *anseio* en *Orballo da media noite* (1929), de Roberto Blanco Torres, tamén xornalista da devandita cabeceira.

A circulación da palabra foi notable nos anos previos á Guerra Civil, en especial desde que os autores máis sobranceiros do momento a acollen nas súas obras. Castelao faino xa en 1929, no segundo libro de *Cousas*; logro empregaraa nas súas novelas dos anos 30 (*Os dous de sempre* e *Retrincos*) e, de maneira moi profusa, no *Sempre en Galiza* (Monteagudo, 2000: 252; este crítico anota a ausencia de *ansia* da prosa política do rianxeiro). Risco utiliza *anseio* e *ansia*, nunha única ocasión cada forma, en *Folklore de Melide* (1933), pero talvez o caso máis significativo sexa o de Otero Pedrayo, quen escribe *ansia* en tres obras anteriores a mediados dos anos 30: *A lagarada*³, *Os señores*

3 Nesta obra, de 1928, Otero emprega a voz nunha única ocasión e baixo a forma *ancia*, segundo vimos aboada en dicionarios portugueses do XIX.

da terra, *A maorazga* e *Contos do camiño e da rúa*. Por contra, o ourensán vira a *anceio* na novela *A romaría de Xelmírez* (1934) (Monteagudo, 2003: 223) e mantén a escolla innovadora en *Devalar*, de 1935. Nesta última novela, Otero utiliza *anceio* nun total de seis ocasións, tanto en singular (en que a forma parece aproximadamente sinónima de *ansia*) como en plural (en que se asemella máis a *anhelos*). Nos tres textos narrativos que conteñen *ansia*, só temos un exemplo da forma en cada un deles. Parece como se unha vez descuberta a forma, o autor ourensán pasase a considerala un recurso léxico de grande interese, digno de ser empregado con certa profusión.

A comparanza entre a rendibilidade das formas aproximadamente sinónimas *anceio* e *ansia* nos anos vinte e trinta presenta resultados tamén moi significativos. *Anceio* só é utilizada na primeira destas décadas nun total de sete textos, fronte aos vinte e oito en que se rexistra *ansia* (20% fronte a 80% dos exemplos). Recordemos que *ansia* é unha forma xa consolidada, ben documentada na escrita do galego desde o século XIX, en tanto que *anceio* escríbese por primeira vez nun momento tardío dos anos vinte, e por tanto é neste decenio unha auténtica innovación vocabular. Por contra, no período da década dos 30 comprendido ata a Guerra Civil prodúcense modificacións sorprendentes. En efecto, *ansia* parece entrar nunha relativa decadencia, pois ocorre en menos do 40% dos textos deste período en que se utilizan un ou outro ítem léxico (catorce de trinta e seis). Por contra, *anceio* é empregado en vinte e dous escritos dos trinta e seis (61,11%). Unha razón máis, de carácter lexicográfico, podería avalar a decadencia de *ansia* como palabra galega: se ben o dicionario da Academia a insire como ítem galego, nin a compilación do Seminario de Estudos Galegos (1926) nin a obra lexicográfica de Carré Alvarellos, cuxo primeiro volume, de 1929, si inclúe *anceio*, aboan a consideración da forma como propia da nosa lingua⁴. Os anos trinta convértense, pois, na década do asentamento de *anceio*, timidamente introducida un tempo antes e empregada nesta época polos autores máis influentes e de maior transcendencia da súa xeración.

4. As outras formas diferenciais a respecto do castelán no campo semántico do desexo

Non é casual que palabras como *anceio*, *arela* e *degaro-degoiro-degoro* sexan introducidas para substituíren *desexo*, *aspiración* e *afán* precisamente nos anos vinte. É

4 Fernández Salgado (2000: capítulo 4) subliña o diferencialismo como característica básica para a escolla das entradas nestas dúas últimas obras, fronte ao enciclopedismo que define o dicionario académico.

este o período do galego escrito que Monteagudo e Fernández Salgado (1995: 133) definen como **galego enxebrista** ou **diferencialista**, precisamente porque “entramos nunha época de exaltación da ‘enxebriedade’ da lingua galega, isto é, da súa orixinalidade e pureza fronte ó castelán”. Actualización e depuración, explica Monteagudo (2003: 209), son os procesos en vigor nesta etapa do léxico galego, e ambos conxuntamente provocan a configuración dunha variedade escrita diferenciada do castelán pero non por iso empobrecida, espida de útiles conceptuais básicos. Os creadores galegos foron artellando un inventario de ítems léxicos de natureza abstracta extenso sobre todo en sectores da experiencia como o que nos ocupa, relevante tanto na poesía ou na prosa como no ensaio de natureza política.

O campo semántico do desexo exemplifica ben a competencia entre os dous principais procedementos de incremento léxico viables se a premisa previa é a non coincidencia formal das palabras resultantes co castelán: o préstamo do portugués, representado pola progresiva introdución de *anceio*, e a remodelación semántica, orixinalmente metafórica, de materiais léxicos colleitados de variedades populares da lingua, testemuñada en *arela*, *degaro-degoiro-degoro*. Monteagudo (2001-2002) sinala que os autores que tratan nos anos vinte a cuestión do incremento léxico desde un punto de vista teórico acaban consensuando unha certa preferencia pola segunda vía fronte á primeira. Ofrecemos de seguido a cronoloxía de introdución de cada un destes termos en galego así como datos sobre da súa rendibilidade nos anos vinte e trinta.

4.1. *Degaro-degoro-degoiro*

Ordenada de acordo coa súa data de introdución, a familia de variantes que nos ocupa é anterior ao máis antigo exemplo de *anceio* que documenta o TILGA. *Degoro* como sinónimo de *desexo* ou *ansia* aparece aboada no XIX por dous exemplos de Lamas Carvajal de 1886 e 1887, e logo rexístrase en diversos números dos anos 1917, 1918 e 1919 da terceira etapa do xornal *O Tío Marcos da Portela*⁵; *degoiro* introdúcea un anónimo autor no boletín *Rexurdimento* (1923) e logo emprégaa Xulián Magariños Negreira na novela de 1926 *O filósofo de Tamarica*; como cabo, *degaro* abóaa precisamente Bouza-Brey en *Cabalgadas no Salnés* (1925)⁶. Canto á historia lexicográfica

5 Aínda que a cabeceira xa non é neste momento responsabilidade de Lamas Carvajal, a súa vinculación á cidade de Ourense mantense, a estrutura do xornal continúa a ser a mesma, en boa medida, e talvez pervive tamén a inspiración, non só ideolóxica senón tamén lingüística, do perseiro fundador.

6 O TILGA rexistra tres ocorrencias máis antigas, da década dos 80 do XIX; non contabilizo estes exemplos porque neles a palabra ten o significado material, tradicional, non metafórico, de “castaña”.

dos termos, só *degaro* é inserida en dicionarios decimonónicos⁷, mentres que *degoro* e *degoiro* son aboadas por primeira vez precisamente no vocabulario que Filgueira e outros autores do Seminario de Estudos Galegos elaboran e que logo verá a luz en *El Pueblo Gallego*. É interesante tamén sinalar que no seu dicionario Carré (1928) fai unha primeira proposta de escolla normativa para a variación que representan os tres lexemas, ao considerar *degaro* e *degoiro* como variantes de *degoro*.

No que se refire á rendibilidade das tres formas nos anos comprendidos entre 1925 e 1936 (a primeira época de andaina de *anceio*), o TILGA infórmanos de que neste corpus a preferida é xusto a documentada lexicograficamente de maneira máis temperá, e textualmente máis tardía, *degaro* (72 ocorrencias), seguida de *degoro* (45) e *degoiro* (22). Con todo, interesa notar que un 35% dos exemplos da variante máis usada procede dunha única obra, hoxe case descoñecida: trátase da novela *A modelo de Paco Asorey* (1933), de Xoán Xesús González. Carballo Calero emprega tamén en *Vieiros* a forma *degaro*, no mesmo número de ocasións ca *anceio* (catro), e Otero utilízaa en *Fra Vernerero* (1934) nun total de 19 exemplos, e en catro casos de *Devalar* (1935). Canto a *degoro*, segunda variante por orde de importancia numérica, un 55% das ocorrencias da palabra (vinte e cinco) procede dos artigos de Dieste compilados en *Antre a terra e o ceo*. O rianxeiro emprega *anceio* practicamente nun número moi similar de ocasións (vinte e tres) neste material. Por último, *degoiro* é a forma escolleita por Vilar Ponte no seu *Breviario da autonomía* (1933), en cuxas páxinas se insiren o 35% dos exemplos da variante no período examinado. Cómpre sinalar, así mesmo, que esta última forma atopa acubillo nas páxinas das oterianas *Fra Vernerero* e *Devalar*; nesta última, a variante rexístrase en só dous casos, fronte a cinco exemplos de *anceio*.

Un dato máis pode ser de interese. Así como *anceio* avanza con claridade na década dos 30 tras a súa introdución nos anos 20, *degaro-degoro-degoiro* estabilízanse ou retroceden, visto o número de obras en que aparecen en cada un destes períodos que ofrecemos na táboa da páxina seguinte, en que se insiren tamén os datos de *anceio* para facilitar a comparación da evolución.

En resumo, creo que as variantes examinadas se introduciron nun momento lixeiramente máis temperán do que *anceio*, aínda que talvez tiveron menos éxito. Con toda probabilidade a mutua competencia non as beneficiou, nin a inexistencia dun criterio único e estable para preferir unha das formas sobre as outras dúas, nin tampouco o feito de que boa parte dos exemplos fose aboada por autores que non poden considerarse de primeira fila canto á súa influencia literaria e, por extensión, lingüís-

7 A lexicografía do XIX aboa unicamente o significado material da palabra, a excepción de Valladares (1884) quen a define da seguinte maneira: “Deseo vehemente de disfrutar de una cosa que se está viendo”.

tica. Por contra, *anceio* foi utilizada, e con certa profusión, polos persoeiros culturais da Galicia de preguerra (Otero Pedrayo, Risco, Castelao), e por iso a súa traxectoria ascendente no período democrático dos anos 30 fai presaxiar a eclosión do vocábulo en *Sempre en Galiza* (1944) (Monteagudo, 2000: 252).

	Obras dos anos 25-30	Obras dos anos 30-36
<i>Degaro</i>	9	6
<i>Degoro</i>	7	5
<i>Degoiro</i>	5	5
Obras con calquera das tres variantes	21 (56,76% do total de obras con calquera das tres formas)	16 (43,24% do total de obras con calquera das tres formas)
<i>Anceio</i>	7 (un terzo do total de obras do período con <i>anceio</i>)	14 (dous terzos do total de obras do período con <i>anceio</i>)

4.2. *Arela*

Para Santamarina (1995: 84), *arela* é un bo exemplo das “palabras galegas feitas de materia galega con espírito castelán”; Monteagudo (2000: 253, nota 39) cre, por contra, que o paso do material ao inmaterial no vocábulo estaba xa feito no galego popular, pois testemuñao Sobreira no XVIII e de novo Aníbal Otero no XX. Sexa como for, a introdución da palabra na escrita galega é anterior que a de *anceio*: de acordo co corpus do TILGA, *arela* inicia a súa historia literaria no 1910, co *Libro da konsagrazi3n* de Aurelio Ribalta; o ítem aparece no período comprendido entre 1925 e 1930 nun total de vinte e sete obras, e desde o inicio da década ata o alzamento militar do 36 en vinte e cinco máis. En total, *arela* ocorre en 245 exemplos naqueles textos anteriores ao 36 que forman parte do TILGA. Trátase, pois, da forma diferencial co castelán máis rendible dentro do campo semántico que nos ocupa.

Talvez ao temperán éxito de *arela* na literatura galega do século XX non sexa alleo o feito de que o dicionario da Academia Galega (1913-1928) se faga eco da documentación da forma en Sobreira. Un impulso máis ao seu aval dentro do galego literario vénlle da man do léxico elaborado en 1926 para *El Pueblo Gallego*. Tamén Carré insire o ítem, indicando a relación de sinonimia que o liga a *anceio* e *degoro*.

Boa parte dos autores que aboan *anceio* experimentaron tamén, e tamén en grande medida, con *arela*, incluso nas mesmas obras. Así, Dieste emprega a palabra nos artigos que logo se compilarán en *Antre a terra e o ceo* en dezanove ocasións, número similar aos vinte e un casos en que utiliza *anceio*. Outros escritores de renome

que se valen da palabra son Otero Pedrayo en *Os señores da terra* (1928), –dous exemplos–, *A maorazga* (1928)–catro–, *O estudante* (1928)–oito– *Fra Vernerio* (1934)–dez; Filgueira Valverde utiliza *arela* unha vez en *O vigairo* (1927), e tamén aparece a forma en varios números da revista *Logos*, cuxa responsabilidade compartía o pontevedrés⁸; por último, Risco aboa *arela* en *Mitteleuropa* (1934) en cinco ocasións⁹.

5. Conclusións

O exame contrastivo da rendibilidade das formas que substitúen na escrita enxebrista ou diferencialista os ítems léxicos comúns co castelán evidencia que *anceio*, a única representante do procedemento esóxeno do préstamo, ocupa un lugar intermedio entre unha forma tradicional, metafóricamente xa de vello transplantada ao campo do abstracto e en camiño de ir ocupando un abano cada vez máis amplo de significados –*arela*– e un conxunto de variantes conviventes talvez levadas ao non material por vía da creación literaria e cunha consolidación moito menor na escrita –*degaro*, *degoro*, *degoiro*. O lusismo que nos ocupa foi introducido tardiamente en galego; por contra, coñeceu un proceso de avance evidente entre os anos vinte e os trinta, e viuse aboado case de inmediato polas maiores sinaturas da nosa prosa, ata chegar á apoteose de utilización da palabra en *Sempre en Galiza*.

Bibliografía

- Corominas, J., e J.A. Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos, tomo I.
- Cunha, A. G. da (1997): *Dicionário etimológico Nova Fronteira da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira (2ª ed.).
- Fernández Salgado, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Santiago: Servizo de Publicacións da Universidade (Anexo nº 47 da revista *Verba*).
- Figueiredo, C. de (1939): *Dicionário da língua portuguesa*. Lisboa: Bertrand, tomo I.

8 Dous exemplos de *anceio* ocorren nesta obra; dous números de *Logos* acollen tamén a forma. Recordemos, así mesmo, que segundo a nosa hipótese Filgueira puxera moito da súa parte na introdución en galego de *anceio*, grazas ao vocabulario que coeditou en *El Pueblo Gallego*.

9 Xa a usara dúas veces en *Teoría do nazionalismo galego* (1920).

- Gonçalves, M. F. (2003): *As ideias ortográficas em Portugal*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Monteagudo, H. (2000): “A modernización do léxico culto en *Sempre en Galiza*”, en *Castelao, defensa e ilustración do idioma galego*. Vigo: Galaxia, 293-320.
- Monteagudo, H. (2001-2002): “Propostas e debates sobre o galego culto no período de entreguerras. 1. Primeira etapa (1917-1927)”, *Revista Portuguesa de Filologia*, XXIV, 1-51.
- Monteagudo, H. (2003): “Sobre a norma léxica do galego culto. Da prosa ficcional de Nós ao ensaio de Galaxia”, en M. Álvarez de la Granja e E.X. González Seoane (eds.), *A estandarización do léxico*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 197-253.
- Monteagudo, H., e B. Fernández Salgado (1995): “Do galego literario ao galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.
- Moraes Silva, A. (1877): *Dicionário da língua portuguesa*. Lisboa: Souza Neves, tomo I.
- Morais Silva, A. (1949), A. Moreno e outros (eds.): *Grande Dicionário da Língua Portuguesa*. 10ª edición revista, corrigida, muito aumentada e actualizada. Lisboa: Confluência, tomo I.
- Santamarina, A. (1995): “Norma e estándar”, en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 53-98.
- Santamarina, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios. Versión 3*. A Coruña: Fundación Barrié.
- Santamarina, A. (ed.) (2006): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. (<http://www4.usc.es/TILG/>).
- Vilavedra, D. (coord.) (2004): *Diccionario da literatura galega*. Vigo: Galaxia, volumes I, II e III.